

# **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2011.**

## ASISTENTES:

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernández
- D. José Ángel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luís Rivas Cruz

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20.00 horas do día vinte e nove de setembro de dous mil once, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións extraordinarias do Pleno municipal de datas;

29/06/2011, 26/07/2011 e 12/09/2011 de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Di o voceiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luís Rivas que na acta de 26/07/2011 non queda suficientemente explicado a solicitude de creación dun órgano para a Miniresidencia e Centro de día similar á Comisión informativa de contas para control da posta en marcha que pide que conste literal “que nese Pleno solicitouse, coa salvedade de que non se inclúe na memoria da Residencia, que se acorde a creación dun órgano similar á Comisión de Contas para supervisar a posta en marcha”

Pola Secretaría recórdase a literalidade do ROF en relación co levantamento de acta sucinta, que non se pediu a constancia expresa e sen oposición á rectificación recorda que as actas plenarios non son diarios de sesións.

Sen máis intervencións, o Pleno municipal, por unanimidade con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as actas das sesións extraordinarias do Pleno da Corporación de datas 29/06/2011, 26/07/2011 e 12/09/2011, rectificando a de 26/07/2011 no punto de aprobación da memoria da Miniresidencia, facendo constar expresamente nas intervencións “que solicitouse,

coa salvedade de que non se inclúe na memoria da Residencia, que se acorde a creación dun órgano similar á Comisión de Contas para supervisar a posta en marcha”.

## **2.- DITAME APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N° 14/2011 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2011**

Pola Secretaría dáse lectura ó ditame da Comisión informativa permanente especial de contas, relacionado con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente :

“PRIMEIRO.-APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 14/2011 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2011

Sen máis intervencións sometida a proposta de ditame a votación pola Presidencia da Comisión por unanimidade con 5 votos a favor, 2 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE , dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do único concelleiro do grupo mixto a Comisión informativa permanente especial de contas

**ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito para a ampliación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

15.63150 Praza da Gándara, adecuación espazo público mercado tradicional por 1.262,53€ a financiar con remanente líquido de tesourería do exercicio anterior .

**Segundo.-** Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa, por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma .

**Cuarto . -** Asumir o compromiso de dotación de crédito orzamentario nesta partida para o exercicio 2012 por importe de 40.227,70€, cunha subvención da Xunta de 30.208,28€ autorizando a contratación anticipada .

**Quinto.-** Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.”

Explica a Alcaldía que se trata da dotación para a aportación municipal ás obras do Plan Ágora subvencionado pola Xunta.

O voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro pregunta que van facer alí, se non se podería facer modificación para ter en conta o tema das ambulancias.

Explica o Alcalde as obras e a necesidade de deixar espazo para o autobús do centro social de maiores.

O voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro sinala a inadecuación da rampa do centro de saúde.

Sen máis intervencións, sometido o ditame a votación por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a modificación vía suplemento de crédito para a ampliación de crédito na seguinte partida orzamentaria:

15.63150 Praza da Gándara, adecuación espazo público mercado tradicional por 1.262,53€ a financiar con remanente líquido de tesourería do exercicio anterior.

**Segundo.-** Estes gastos son específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

**Terceiro.-** Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2011, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser gasto de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesma .

**Cuarto.** - Asumir o compromiso de dotación de crédito orzamentario nesta partida para o exercicio 2012 por importe de 40.227,70€, cunha subvención da Xunta de 30.208,28€ autorizando a contratación anticipada.

**Quinto.**- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e ó artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

### **3.- DITAME DE APROBACIÓN ECONÓMICO ILE**

Pola Secretaria dáse lectura do ditame da Comisión informativa permanente especial de contas celebrada o 26/09/2011 que a continuación se reproduce literalmente:

“Sen máis intervencións, sometida a proposta de ditame a votación pola Presidencia da Comisión por unanimidade con 5 votos a favor, 2 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE ,dous dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do único concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**- Que o Concello de Boimorto se compromete a poñer a disposición toda a asesoría necesaria para a posta e marcha e funcionamento da iniciativa local de emprego para actividades de creación, artísticas, espectáculos, deportivas, recreativas e de entretemento promovida por M<sup>a</sup> Raquel Lesta Iñíguez con DNI 32790303P co traballo do departamento de promoción do emprego.

**SEGUNDO.**- Que o Concello de Boimorto se compromete a sacar en concorrencia competitiva subvencións con cargo á partida 24.47000 do orzamento municipal, dotada de 10.200€, permitindo a participación como solicitante da ILE para actividades de creación, artísticas, espectáculos, deportivas, recreativas e de entretemento, promovida por M<sup>a</sup> Raquel Lesta Iñíguez con DNI 32790303P.

**TERCEIRO.**- Certificación deste acordo sexa remitida ó interesado os efectos oportunos de aportación da mesma no expediente de ILE promovido ante a Consellería de Traballo e Benestar”

O Alcalde sinala que se trata dun apoio necesario para a creación dunha nova empresa en Boimorto.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**- Que o Concello de Boimorto se compromete a poñer a disposición toda a asesoría necesaria para a posta e marcha e funcionamento da iniciativa local de emprego para actividades de creación, artísticas, espectáculos, deportivas, recreativas e de entretemento promovida por M<sup>a</sup> Raquel Lesta Iñíguez con DNI 32790303P co traballo do departamento de promoción do emprego.

**SEGUNDO.**- Que o Concello de Boimorto se compromete a sacar en concorrencia competitiva subvencións con cargo á partida 24.47000 do orzamento municipal, dotada de 10.200€, permitindo a participación como solicitante da ILE para actividades de creación, artísticas, espectáculos, deportivas, recreativas e de entretemento, promovida por M<sup>a</sup> Raquel Lesta Iñíguez con DNI 32790303P.

**TERCEIRO.**- Certificación deste acordo sexa remitida ó interesado os efectos oportunos de aportación da mesma no expediente de ILE promovido ante a Consellería de Traballo e Benestar.

### **4.- FESTIVOS MUNICIPAIS ANUALIDADE 2012**

Vistos escritos da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con entradas neste Concello 1061 en data 12/07/2011 e 1312 de data 15/09/2011, solicitando a determinación de

dous días festivos do ano 2012 de carácter retribuído e non recuperable, o Alcalde propón o 21 de febreiro, martes de Carnaval e o 3 de setembro, luns do Rosario como festivos municipais. Explica o cambio de postura entendendo que o luns do Rosario e a festa da vila, e pregunta se hai outra proposta .

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-**Fixar como días festivos municipais para o ano 2012 o martes de carnaval 21 de febreiro e o luns do Rosario 3 de setembro.

**SEGUNDO.-**Certificación deste acordo sexa remitida á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar ós efectos oportunos.

### **5.- PROPOSTA ALCALDÍA ACEPTACIÓN DE OBRAS ENTREGADAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS**

Pola Secretaria dáse lectura a proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSTA DE ACORDO EN RELACION COS CONVENIOS DE COLABORACIÓN Nº 88/2011 E Nº 95/2011 ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA INSTRUMENTAR A ENTREGA DAS OBRAS E INSTALACIÓN SOLARES FOTOVOLTAICAS E SOLARES TÉRMICAS, INCORPORADAS NO PROXECTO DE PROMOCIÓN DAS ENERXÍAS RENOVABLES NA PROVINCIA DA CORUÑA, SUBVENCIONADO POLO MECANISMO FINANCIERO DO ESPAZO ECONÓMICO EUROPEO (MFEEE) PLENO ORDINARIO DE DATA 29/09/2011**

Visto que con rexistro de entrada nº 866, en data 21/06/2011, consta escrito enviado polo servizo de patrimonio e contratación da Deputación Provincial de A Coruña, no que comunican que co fin de facer a entrega de obras e instalacións solares fotovoltaicas e solares térmicas, incorporadas no proxecto de promoción das enerxías renovables na provincia de A Coruña, achegan os convenios de colaboración nº 88/2011 e nº 95/2011 e acta de recepción de obra correspondente.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a entrega das obras e instalacións descritas na Acta de recepción anexa ó convenio asinado con data 8 de xuño de 2011, incluídas no proxecto de promoción de enerxías eléctricas renovables, promovido pola Deputación no Mecanismo Financeiro do Espacio Económico Europeo (MFEEE) (Lote 1):

**SEGUNDO.-** Rexistrar no Inventario contable de bens, comunicando este acordo ós servizos administrativos para ós efectos oportunos.

En Boimorto a vinte e seis de setembro de dous mil once

O alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Explica a Alcaldía que estes foron proxectos contratados pola Deputación, rematando as placas solares para o Concello e colexio pero estando pendentes instalacións térmicas no campo de fútbol e na piscina aínda non rematadas, remataron as instalacións fotovoltaicas mais non as térmicas.

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP onde van ubicadas, respóstalle o Alcalde no Concello e no colexio.

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro se é necesario quentar a auga da piscina, resposta o Alcalde que pasarían de 17 a 23 grados, explica tamén o Alcalde as instalacións nos vestiarios do campo de fútbol.

Sen máis intervencións, sometido o ditame a votación, por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a entrega das obras e instalacións descritas na Acta de recepción anexa ó convenio asinado con data 8 de xuño de 2011, incluídas no proxecto de promoción de enerxías eléctricas renovables, promovido pola Deputación no Mecanismo Financeiro do Espazo Económico Europeo (MFEEE) (Lote 1):

**SEGUNDO.-** Rexistrar no Inventario contable de bens, comunicando este acordo ós servizos administrativos para ós efectos oportunos.

#### **6.- LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DA CONTRATACIÓN, SUBMINISTRO VEHÍCULO ADAPTADO PARA CENTRO DE MAIORES E CENTRO DE DÍA**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

#### **<<PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN CO INFORME DE SECRETARÍA INTERVENCIÓN AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, SUBMINISTRO DE VEHÍCULO ADAPTADO 2011**

Visto informe de Secretaria-Intervención de reparo suspensivo ó contrato de subministro de vehículo adaptado para centro social de maiores e centro de día de Boimorto, emitido en data 12/09/2011.

Visto que existe partida presupostaria por xeración de crédito e por suplemento de crédito aprobado polo Pleno para facer frente a este gasto.

Considerando que o suplemento de crédito entra en vigor o 4/10/2011, estando nestes momentos en exposición pública, realizando o pago en data de 29/09/2011 para non prexudicar o interese público por perda de subvención para adquisición de vehículo adaptado, pola presente propono que o Pleno **ACORDE**:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de secretaria-intervención de data 12/09/2011.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo se remita ós servizos administrativos e contables ós efectos oportunos.

Boimorto, 26 de setembro de 2011  
O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Di o Alcalde, que como falou no Pleno pasado para a compra do autobús subvencionado por Agader, foi necesario execución do pago antes de entrada en vigor da partida enteira con aportación municipal, e que para cumprir prazos tivo que seguir ese procedemento.

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP se existe algún papel que acredite dita subvención, resposta o Alcalde que si e que ademais hai liquidez para este pago, debendo aínda Agader

ó Concello de Boimorto 100.000€ pendentes do PIA, que se espera obter na próxima semana, realizada hoxe visita de inspección. Di o Alcalde, que o pago debe realizarse antes do 30 de setembro para garantir o cobro da subvención neste ano.

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP se é posible pedir a Agader interese de demora, resposta o Alcalde que neste caso non, xa que a orde esixía a obtención de permiso de inicio e posta e marcha, pregunta D. Gonzalo Concheiro que quere dicir PIA, resposta a Secretaría que permiso de inicio de actividade, pregunta o voceiro do PP se hai límites á capacidade de endebedamento, resposta o Alcalde que sí e intervén o voceiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas para sinalar que hai máis limitacións para os que non teñen débeda que para os que sí.

Pregunta o voceiro do grupo municipal do PP que é o GDR, resposta o Alcalde que en rogos e preguntas explicará que é o GDR para non desviar a atención do acordo deste punto da orde do día, no que se pide levantamento de reparo por falta íntegra de partida e polo procedemento seguido para contratación.

Sen máis intervencións, sometido o ditame, a votación por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de secretaría-intervención de data 12/09/2011.

**SEGUNDO.-** Certificación deste acordo se remita ós servizos administrativos e contables ós efectos oportunos.

## **7.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia ditadas entre os días; 29/04/2011 a 26/09/2011, números 125 a 312.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non se propón ningunha e pásase o seguinte punto da orde do día.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

Aperturado este punto da orde do día pola Alcaldía, dáse a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro que pide explicación sobre que é o GDR e di que hai unha valado das do Concello xunto transformador que se move, di o Alcalde que se vai amañar agora, e logo á concelleira do PP D<sup>a</sup> María Jesús Novo Gómez que pregunta, primeiro, a que se vai adicar o autobús do Concello e pregunta as causas de non celebración da festa dos maiores, rogando que se celebre se se pode.

O Alcalde dálle a palabra o concelleiro do PP D. Antonio Costoya Duro que pregunta polas beirarrúas na senda peatonal e roga actuacións municipais fronte o botellón en instalacións deportivas.

O Alcalde dálle a palabra ó voceiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que solicita unha explicación sobre a devolución dunha subvención de cultura de Deputación Provincial e pola *valado* na beirarrúa da rúa que vai para á Casa da Cultura. Continúa o voceiro do grupo mixto preguntando polo estado da depuradora do Saneamento de Brates, se pasa por humedal ou non e di que cheira. Pregunta o concelleiro á Alcaldía pola contratación do persoal da residencia, por quen vai dirixir e cal é a situación actual e roga información sobre o gasto en bombeo da auga do río, solicitando que conste rogo de captación de auga non do río.

Continúa o voceiro do grupo municipal mixto preguntando se hai algunha planificación en cultura e turismo para este ano, con independencia das subvencións, rogando unha planificación

nesta materia ante a cantidade de peregrinos que se están a recibir. Remata este concelleiro preguntando se está adxudicada xa a praza de chófer do autobús.

A continuación a Alcaldía resposta ás intervencións anteriores sinalando:

Que o GDR é o grupo de desenvolvemento rural, o noso e o nº 23 relacionado coa xestión de fondos europeos para proxectos presentados polos seus socios, indicando os concellos cos que coincide Boimorto neste GDR. Explica a relación con AGADER e o procedemento para obtención de subvencións.

Pregunta a concelleira do PP D<sup>a</sup> María Jesús Novo se hai debate antes de aprobar un proxecto, resposta o Alcalde que sí.

Continúa o Alcalde explicando que o novo autobús municipal é para traer xente ó centro de maiores e centro de día da residencia e hai que estudar se será gratis ou non. Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro se o horario do autobús será igual, resposta o Alcalde que non está aínda definido, pregunta a concelleira D<sup>a</sup> María Jesús Novo se se utilizará para a feira, resposta o Alcalde que están estudando a posta en marcha deste servizo que o importante é que van aforrar cartos. Pregunta o concelleiro do PP D. Gonzalo Concheiro se leva o autobús rampa e polo número de prazas, resposta o Alcalde que é evidente se é un vehículo adaptado que leve rampa e o número de prazas son 26.

Continúa o Alcalde sinalando que a festa de maiores non se fixo ante a situación de crise actual, sendo necesario tomar medidas para aguantar tódolos servizos existentes, xa que van faiar subvencións doutras administracións e teranse que poñer cartos propios para estes servizos, explica a Alcaldía que hai servizos máis prioritarios que a festa dos maiores, que explicou personalmente isto no centro de maiores, que é máis importante ofertar un menú na residencia de 4,50€ que facer unha festa cun custe mínimo por plato de 20€. Pregunta o concelleiro do grupo municipal do PP D. Gonzalo Concheiro polo custe da festa de maiores, resposta o Alcalde que el saberá despois de facela na campaña.

O Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que di que a el foille consultado pola Alcaldía o da festa dos maiores e que a el pareceulle lóxico non facela.

En relación coa devolución de parte dunha subvención de cultura da Deputación resposta o Alcalde ó concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que non pode contestar neste momento pero que lle dará a información correcta.

En relación coas valado na Casa da Cultura di o Alcalde que entende que hai que poñelas.

Sobre o estado da depuradora de Brates e humedais indica o Alcalde que se fixo permuta para colocación da depuradora e cambio no tipo de depuradora. O concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas di que lle preocupa o futuro nesta materia que se contaminan os ríos que é importante beber auga sana e non contaminar o río. Di o Alcalde que en Dormeá están ensaiando un novo sistema, continúa a intervención do concelleiro do grupo mixto sinalando que non vota nada en cara só quere que o Concello reflexione nesta materia que con votar cloro non se soluciona.

Sobre a contratación de persoal para a Miniresidencia e o Centro de día resposta o Alcalde que antes necesita o PIA e a partir de aí unha ocupación do 80% para contratación de todo o persoal previsto. Pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas polos usuarios interesados actualmente na Miniresidencia e Centro de día, di o Alcalde que aproximadamente 15, que falou no centro de maiores para que teñan en conta este novo servizo, que primeiro atenderanse ós de Boimorto mais se non hai interés cubriranse as prazas por xente de fóra.

Sobre o gasto da potabilizadora en bombeo di o Alcalde que é un gasto importante nos meses de verano, 3.000€ en electricidade para o bombeo, que están preocupados polos gastos, polo río por poder quedar sen auga e están traballando nesto.

D. Xosé Luís Rivas di que deberían facer un plan de acción relacionado coa conservación e mellora de traidas particulares como a de Arceo. O Alcalde menciona a posible necesidade de cobertura dos custes destes servizos que agora non se dá cobertura os custes de saneamento e distribución de auga coas taxas actuais e a xente ten que entender que desaparecendo subvencións das que depende Boimorto nun 80% vai ter que estudarse e remediarse isto.

Sobre a planificación en turismo e cultura di o Alcalde que estase a planificar o 2012. Reclama D. Xosé Luís Rivas unha boa planificación para dar traza o importante activo cultural que ten Boimorto, non só para peregrinos, senón, para potenciar o orgullo municipal sobre o seu patrimonio que moitos veciños non saben nin que o teñen.

Resposta o Alcalde que o equipo de goberno está aberto a ideas.

Di o concelleiro D. Xosé Luís Rivas que está intentando dávalas que outra cousa é que se recollan. En relación coa adxudicación da praza de chofer do autobús di o Alcalde que sacarase cando teña o autobús.

Pregunta D. Xosé Luís Rivas pola situación actual do polígono, resposta o Alcalde que hai xa presentado un proxecto de equidistribución e estase nel, esperando en breve poder dar mais información.

Pregunta a concelleira do PP D<sup>a</sup> María Jesús Novo, se non se leva acompañante no autobús resposta o Alcalde que estase a mirar e que non se preocupe só polo persoal do Concello, que poden explicar os do PP como se selecciona o persoal do albergue de peregrinos da Xunta, estando xa dadas as prazas.

Dirixíndose o concelleiro do PP D. Antonio Costoya, di ó Alcalde, en relación co problema do botellón, que teñen que avisar cando vexan xente alí, chamando ó teléfono de garda e a Garda Civil e sobre beirarrúas di o Alcalde que xa falou coa Deputación.

Ó non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:25 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez